



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE SAN CIBRAO DAS VIÑAS PARA A AMPLIACIÓN DO ALUMEADO PÚBLICO NO ACCESO AO POLÍGONO INDUSTRIAL

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director da Axencia Galega de Infraestructuras, **DECLARA:**

Que a Axencia Galega de Infraestructuras ten previsto formalizar co Concello de San Cibrao das Viñas o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o 31.12.2016.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O establecemento das bases da colaboración técnica e económica entre a Xunta de Galicia e o Concello de San Cibrao das Viñas para a ampliación do alumeado público no acceso ao polígono industrial.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A estrada OU-538 Noalla (N-525) - Polígono industrial de San Cibrao das Viñas pertence á rede primaria básica de estradas autonómicas. Esta estrada de acceso ao polígono industrial de San Cibrao das Viñas, e carece de alumeado público na marxe dereita.

A Axencia Galega de Infraestructuras ten entre os seus obxectivos a mellora da rede viaria de Galicia, a ordenación do territorio e a súa cohesión, de xeito que se proporcione ás persoas usuarias unha rede eficaz, cómoda e segura, fomentando as relacións municipais e intermunicipais na procura e no fomento dun desenvolvemento harmónico.





O Plan de Mobilidade e Ordenación Viaria Estratéxica, plan MOVE, contempla entre as súas liñas básicas a garantir a seguridade no transporte, mellorando as condicións das infraestruturas e das persoas usuarias.

A Xunta de Galicia está a traballar na mellora das comunicacións das áreas empresariais, posto que dotar os parques industriais dos accesos axeitados garante unha maior competitividade e contribúe ao impulso da actividade das empresas galegas.

O polígono de San Cibrao das Viñas conta con 5 millóns de metros cadrados de superficie e máis de 300 empresas instaladas, e dá emprego a preto de 8.000 persoas, constituíndo un motor económico para toda a provincia de Ourense.

O Concello de San Cibrao das Viñas presentou á Axencia Galega de Infraestruturas unha memoria valorada para a implantación do alumeadado público na marxe dereita da estrada OU-538, das mesmas características que o existente na marxe esquerda, aplicando criterios de aforro e eficiencia enerxética.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela, a once de abril de 2016.

